

Acordo da Comisión Cualificadora para avaliación de aspirantes á Xefatura de Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería

A Comisión Cualificadora para a avaliación de aspirantes á Xefatura de Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería convocada pola Universidade de Vigo por Resolución de data 5 de maio de 2025, (DOG num. 91, 14 de maio de 2025) acordou publicar os criterios de avaliación da Fase II, méritos específicos como segue:

A. MÉRITOS PROFESIONAIS (máximo 5 puntos):

Valorarase o currículo do/da participante na súa integridade tendo en conta:

1º. Traxectoria laboral pública nas mesmas áreas ou áreas afíns que as do posto a que se opta. Entenderase por área afín aquelas cuio ámbito competencial se relaciona con áreas de xestión orzamentaria, contabilidade pública e tesourería e xestión económica, ata un máximo de 2 puntos a razón de 0,20 puntos/ano completo, non computarán períodos inferiores.

2º. Formación específica considerada relevante para o desenvolvemento do posto de traballo a que se opta, ata un máximo de 3 puntos

- a. Titulacións oficiais relacionadas co posto de traballo a que se opta. Valoraranse os títulos universitarios de licenciatura ou grao en Economía, Administración e Dirección de Empresas, Dirección e Xestión Pública, Dereito, ou aqueles outros que se consideren afíns 1 punto
- b. Mestrados nas materias relacionadas co posto de traballo, nomeadamente, contabilidade, xestión orzamentaria pública, auditoría pública, tributos, ou materias afíns, 1 punto
- c. Títulos propios das universidades, en materias específicas do posto de traballo, 0,5 puntos
- d. Actividades formativas recibidas convocadas polas Administracións Públicas ou entidades do sector público ou actividades formativas que o aspirante tivese impartido nas Administracións Públicas ou nas entidades do sector público, directamente relacionadas co posto de traballo a que se opta e non contempladas na base sexta 1.D da convocatoria, 0,5 puntos

B. PROXECTO (máximo 20 puntos):

O proxecto terá por finalidade valorar a adecuación dos coñecementos e competencias da persoa concursante ao posto de traballo convocado: coñecemento da área á que se concursa, análise de tarefas do posto, requisitos, condición e medios para desempeñalo, así como proposta organizativa do ámbito ou área na que se encadra, que conteña os obxectivos a desenvolver nos próximos dous anos, coa descrición, alomenos de dúas acción para cada obxectivo marcado.

De conformidade co anterior o proxecto constará da seguinte estrutura:



- Antecedentes e contexto da área de traballo. A súa configuración na Universidade de Vigo.
- Ámbito material de actuación (competencias, funcións, posicionamento estratéxico da área), interrelación con outras áreas, xerarquía
- Estrutura organizativa, proposta e alternativas de mellora
- Recursos materiais, humanos e formativos
- Obxectivos 2026-2028, criterios de calidade

Valoraranse:

A. Proxecto presentado ata 14 puntos

- A capacidade de análise e crítica exposta no proxecto.
- A capacidade de organización, concreción e claridade do proxecto.
- A capacidade de innovación, orixinalidade ou creatividade e viabilidade do traballo.
- O coñecemento amosado na busca de información e na selección para a elaboración do proxecto.
- A capacidade de interrelación das áreas funcionais que, de ser o caso, se aprecie no traballo presentado.
- . Coñecemento da área a que se concursa.
- . Análise das tarefas do posto e os seus requisitos.
- . Condicións e medios necesarios para desempeñar o posto.
- . Proposta organizativa do ámbito ou área en que se encadra, que conteña os obxectivos que se van desenvolver nos próximos dous anos e coa descrición de, polo menos, dúas accións para cada obxectivo marcado

B. Defensa e exposición do proxecto ata 6 puntos

Vigo, 29 de xullo de 2025

Vº Bº

A presidenta

A secretaria

